

MÓRDOMO · CAMELLE

**Mórdomo - Porto dos Carros - Coído de Sabadelle -
Praia de Camelle - Camelle**

Punto de partida:

Mórdomo (Traba).

Lugar de chegada:

Camelle.

Distancia:

4,9 km.

Duración:

2 horas a pé.

Dificultade:

Baixa - Media.

Cartografía:

*Mapa 43 - III de Camelle, esc.
1/25.000 del I.G.N. (Instituto
Geográfico Nacional).*

Observacións:

Esta fermosa excursión pola costa de Traba a Camelle amósanos as singulares formacións rochosas do Porto dos Carros, onde remata o Concello de Laxe. Atravesa un curto tramo do Concello de Vimianzo e chega ata Camelle polo Coído ou Bolos de Sabadelle.

Unha vez en Camelle ou veñen a recollernos ou podemos volver a pé por onde viñemos. Camelle é unha poboación con encanto que merece ser visitada e ser paseada.



Desde a praia de Traba podemos ollar a rota que nos leva desde Mórdomo a Camelle pola costa.



OCEANO ATLANTICO





Sáimos de Mórdomo cara Camelle polo antigo camiño de Porto dos Carros.



Punta da Cruz de Rosa coa Praia de Traba e Boaña ó lonxe.

Descrición do itinerario:

Situados en Mórdomo, preto do bar Os Espiños, seguir recto rumbo á praia pola estrada baixo a Pena de Mórdomo (Rota 4). Xusto cando o asfalto vira cara a esquerda, polas casas da parte alta de Mórdomo, (km 0,5 / alt. 14 m) hai que seguir recto por un camiño, que nos le-



O camiño cara Porto dos Carros lévanos cómodamente entre valados de pedra.

va ó extremo Oeste da praia de Traba baixo a Pena Orelluda.

Este antigo camiño empedrado xungue Traba e Camelle. Ó longo do itinerario observamos sobre o granito desgastado as pegadas dos carros, que circulaban polo Porto dos Carros.

Ó chegar sobre a praia de Traba o camiño discorre cara a esquerda, sobre a costa, entre valados. Seguimos, no cruce, o camiño que nos leva pola dereita -o camiño da esquerda conduce tamén a Camelle- para ver máis de preto as fermosas formacións graníticas da Punta da Cruz da Rosa, que desgastadas polo vento e o mar presentan formas caprichosas.

Máis adiante, sempre en dirección ós muiños eólicos de Camelle, pasamos baixo o Petón das Borrallas, onde co-



Os Penedos de Traba coa súas caprichosas formas graníticas, fan voar a nosa imaxinación.

meza a haber pinos na súa aba. O Porto dos Carros condúcenos, por un curto tramo, polo Concello de Vimianzo (km. 2,5) chegando a un cruce de camiños.



Porto dos carros enfronte ós muíños eólicos de Camelle.

Os dous camiños conducen a Camelle. O da esquerda sube un pouco para dar unha volta algo máis longa por un bosque de carballos, loureiros e acibos. O camiño da dereita é máis directo, aínda que máis estreito. Cruza un

chan de feitas e pasa preto do Coído da Señora, onde entramos ó Concello de Camariñas ó que pertence Camelle.

Tanto se ímos por un coma polo outro chegaremos ó Coído de Sabadelle (km 2,8), onde comeza o asfalto que nos conduce a Camelle.

Se non queremos dar un rodeo pola estrada podemos baixar pola dereita (km 3,7) ata o paseo, que bordea a praia de Camelle.



Camelle é o remate da rota pola costa. Visitar o seu paseo e o peirao con vistas a Traba.